# Actualización normativa para a atención á diversidade

Fernando Carrasco Mera
(Inspector de educación)

28 de maio de 2022 CFR Pontevedra

NEE.











# NEAE.

| Lei | Denominación alumnado | Atención educativa |
|---|---|---|
| Ley 14/1970, de 4 de agosto, General de Educación y Financiamento de la Reforma Educativa. | Deficientes e inadaptados. | Exclusivamente centros específicos |
| Lei 13/1982, de 7 de abril/ de integración social dos minusválidos | Minusválido | Integración escolar/ educación especial |
| Lei Orgánica 1/1990, de 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo. | Discapacitado.<br>Alumnado con necesidades educativas especiais. | Integración e normalización.<br>Centros específicos. |
| Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. | Discapacitado.<br>Alumnado con necesidade específica de apoio educativo.<br>Alumnado con necesidades educativas especiais. | Normalización e inclusión.<br>Unidades e centros específicos. |

NEE.

**Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.** (Texto consolidado)

Título II Equidade na educación.

## ANEAE Alumnado con necesidade específica de apoio educativo

(requiren una atención educativa diferente á ordinaria)

- Necesidades educativas especiais.
- Atraso de maduración.
- Trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación.
- Trastornos da atención.
- Trastornos da aprendizaxe.
- Descoñecemento grave das linguas da aprendizaxe.
- Situación de vulnerabilidade socioeducativa.
- Altas capacidades intelectuais.
- Incorporación tardía ao sistema educativo.
- Condiciones persoais.
- Condicións de historia escolar.

# NEAE.

**Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación**. (Texto consolidado)

## NEE Alumnado con necesidades especiais

(Afronta **barreiras** que limitan o seu acceso, presencia, participación ou aprendizaxe)
(require apoios e atencións educativas específicas)

- Discapacidade.
- Trastornos graves da conduta.
- Trastornos graves da comunicación e da linguaxe.

# NEAE.

A Declaración Universal dos Dereitos Humanos (1948, art.26) recolle que "toda persoa ten dereito á educación [...] e que esta se dirixirá ao pleno desenvolvemento da personalidade e a fortalecer o respecto aos dereitos humanos e ás liberdades Fundamentais […]"

A Convención da ONU sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, de 2006, adica o seu artigo 24 ao dereito á educación desde unha perspectiva de dereitos humanos, de acordo co modelo ecolóxico da discapacidade, presente en toda a Convención, e de acordo cos seus principios xerais: respecto, non discriminación, participación e inclusión, igualdade de oportunidades.

O Informe da UNESCO “Educación 2030 - Declaración de Incheon”, establece no marco de acción para a realización do obxectivo de desenvolvemento sostible como principio básico, garantir unha educación inclusiva e equitativa de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe permanente para todos e todas.

# NEAE.

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, establece que a adecuada resposta educativa a todo o alumnado concíbese a partir do principio de normalización e inclusión, entendendo que unicamente dese modo se garante o desenvolvemento de todos e todas, se favorece a equidade, e se contribúe a unha maior cohesión social.

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, fai referencia a que a escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, debe asegurar a súa non-discriminación e a igualdade efectiva no acceso e permanencia no sistema educativo ordinario.

# *Barreiras / Oportunidades a considerar e superar*

A equidade, a inclusión e a igualdade de oportunidades son claves




O reto é como conseguir cambiar as actitudes no centro

Elaboración Eugeni García para o programa PROA+ en base a OECD (2019), *PISA 2018 Results (Volume III): What School Life Means for Students' Lives*, PISA, OECD Publishing, Paris, *https://doi.org/10.1787/acd78851-en*.

# NORMATIVA ATENCIÓN Á diversidade.

- LEI Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación (Texto consolidado)

- LEI Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación (texto consolidado)
  *Capítulos I e II do Título II

- DECRETOS de currículo das distintas ensinanzas.

- REGULAMENTOS orgánicos de centro.

- CONVENIOS da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para a atención de alumnado con NEAE.

- PROTOCOLOS da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para a atención de alumnado con NEAE.

# NORMATIVA ATENCIÓN Á diversidade.

- Normativa de CONVIVENCIA:
  - Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
  - Decreto 8/2015 que desenvolve a Lei 4/2011.

- Normativa de ORIENTACIÓN :
  - Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
  - Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.

# NORMATIVA ATENCIÓN Á diversidade.

- DECRETO 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

# Que entendemos por diversidade

É unha realidade social, e, polo tanto, unha realidade en cada centro educativo.

Realidade derivada da:

- singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural de cada alumna e cada alumno,
- singularidade de cada familia
- singularidade de cada unha das profesoras e dos profesores
- particularidades de cada centro e de cada comunidade educativa no seu conxunto.

A resposta educativa a esa diversidade debe concretarse no **proxecto educativo**

# NEAE.

## Principios:









NEAE.

## Principios de actuación do profesorado:

a) A **colaboración** co profesorado titor e coa xefatura do departamento de orientación na planificación e no desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e de aprendizaxe.

b) A utilización de estratexias **metodolóxicas** promotoras da inclusión, da solidariedade, do traballo en equipo, do respecto á diferenza e da convivencia de todo o alumnado, e informar o profesorado titor sobre o desenvolvemento persoal, social e educativo do alumnado que atende.

c) A consideración dos principios do **deseño universal de aprendizaxe** na atención educativa.

d) A participación nas estratexias de **coordinación** entre o equipo docente, baixo a dirección do profesorado titor.

# NEAE.

## Medidas previas:





Que

# BARREIRAS



atopamos na nosa práctica docente?


O Cotiño
Est. Puxeiros-Mos
O Alpendre M
A-55
Riba
AP-9
A Porteliña
Campo de Fútbol
As Baloutas
TAPERIA Baxiña
AP-9
EP-2005
A-55
de


Mahou
70
70
09/12/2019 14:05:46

# NEAE.

## Principios:









# NEAE.

## Principios:

http://orientacion.catedu.es/wp-content/uploads/2014/10/ACADI-Autoevaluaci%C3%B3
centros-en-Espa%C3%B1a-pra-la-atenci%C3%B3n-a-la-diversidad-desde-una-perspecti




https://revista.uclm.es/index.php/ensayos/article/view/1502/pdf

https://www.plenainclusion.org/sites/default/files/termometro-edu.pdf

NEAE.

Principios:




https://www.educadua.es/doc/dua/dua_pautas_intro_cv.pdf

# Pautas de Diseño Universal para el Aprendizaje (versión 2.2)

CAST | Until learning has no limits

| | **Proporcione múltiples formas de Compromiso**  Redes Afectivas<br>El «PORQUÉ» del Aprendizaje | **Proporcione múltiples formas de Representación**  Redes de Reconocimiento<br>El «QUÉ» del Aprendizaje | **Proporcione múltiples formas de Acción y Expresión**  Redes Estratégicas<br>El «CÓMO» del Aprendizaje |
|---|---|---|---|
| Acceso | Proporcione opciones para **Captar el Interés**<br>• Optimice las elecciones individuales y autonomía<br>• Optimice la relevancia, el valor y la autenticidad<br>• Minimice las amenazas y distracciones | Proporcione opciones para **la Percepción**<br>• Ofrezca formas para personalizar la visualización de la información<br>• Ofrezca alternativas para la información auditiva<br>• Ofrezca alternativas para la información visual | Proporcione opciones para **la Acción Física**<br>• Varíe los métodos de respuesta, navegación e interacción<br>• Optimice el acceso a herramientas y tecnologías de asistencia |
| Construcción | Proporcione opciones para **Mantener el Esfuerzo y la Persistencia**<br>• Resalte la relevancia de metas y objetivos<br>• Varíe las demandas y los recursos para optimizar los desafíos<br>• Promueva la colaboración y la comunicación<br>• Aumente la retroalimentación orientada a la maestría | Proporcione opciones para **el Lenguaje y los Símbolos**<br>• Aclare vocabulario y símbolos<br>• Aclare sintaxis y estructura<br>• Apoye la decodificación de textos, notaciones matemáticas y símbolos<br>• Promueva la comprensión entre diferentes lenguas<br>• Ilustre a través de múltiples medios | Proporcione opciones para **la Expresión y la Comunicación**<br>• Use múltiples medios para la comunicación<br>• Use múltiples herramientas para la construcción y composición<br>• Desarrolle fluidez con niveles de apoyo graduados para la práctica y el desempeño |
| Internalización | Proporcione opciones para **la Autorregulación**<br>• Promueva expectativas y creencias que optimicen la motivación<br>• Facilite habilidades y estrategias para enfrentar desafíos<br>• Desarrolle la autoevaluación y la reflexión | Proporcione opciones para **la Comprensión**<br>• Active o proporcione conocimientos previos<br>• Destaque patrones, características fundamentales, ideas principales y relaciones entre ellas<br>• Guíe el procesamiento, visualización y manipulación de la información<br>• Maximice la transferencia y la generalización de la información | Proporcione opciones para **la Función Ejecutiva**<br>• Guíe el establecimiento de metas apropiadas<br>• Apoye la planificación y el desarrollo de estrategias<br>• Facilite la gestión de información y recursos<br>• Mejore la capacidad para monitorear el progreso |
| Meta | **Aprendices expertos**<br>**Decididos y Motivados** | **Ingeniosos y Conocedores** | **Estratégicos y Dirigidos a la Meta** |

udlguidelines.cast.org | © CAST, Inc. 2018 | Suggested Citation: CAST (2018). Universal design for learning guidelines version 2.2 [graphic organizer]. Wakefield, MA: Author.

Traducción y adaptación: Fellow Group (2018).

# O MARCO DA ATENCIÓN Á diversidade. no centro educativo

- Abrangue a totalidade do alumnado, quen deberá contar coas medidas e recursos educativos que respondan ás súas necesidades e características persoais.
- Decisións pedagóxicas, organizativas e de xestión dos centros,
- Enfoque multidisciplinar e de colaboración entre os diferentes profesionais.
- As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado recibirán información e asesoramento.
- Priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores.
- Potenciar a acción titorial e orientadora por parte de todo o profesorado.

# Favorecedores da inclusión e da atención Á diversidade.



# O MARCO DA ATENCIÓN Á diversidade no centro educativo: O PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á diversidade

- **Directrices:** CCP ( coas achegas de departamentos e ciclos).
- **Elaboración:** Departamento de orientación.
- **Aprobación:** Consello escolar por proposta do claustro do profesorado. **PE**
- **Avaliación e seguimento:** Equipo directivo.
- **Concreción anual:** Departamento de orientación. **PXA**

# O MARCO DA ATENCIÓN Á diversidade no centro educativo: O PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á diversidade

- **Estrutura:**

- 1. Xustificación baseada no contexto.
- 2. Identificación e valoración das necesidades.
- 3. Determinación dos obxectivos.
- 4. Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade.
- 5. Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas.

# O MARCO DA ATENCIÓN Á diversidade no centro educativo: O PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á diversidade

- **Estrutura:**

- 6. Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro.
- 7. Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición.
- 8. Canles de colaboración coas nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro.
- 9. Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias.
- 10. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan.

# O MARCO DA ATENCIÓN Á diversidade no centro educativo: Dirección do centro

- Garantir os principios da promoción do DUA.
- A atención á diversidade no PE e todos os plans e programas do centro.
- Distribución e organización equitativa dos recursos.
- Adaptar a estrutura organizativa ás necesidades do alumnado.
- Información á comunidade educativa (plans, programas, recursos ...)
- Promoción da convivencia.
- Promoción da formación e da innovación.
- Avaliación e mellora.

## O MARCO DA ATENCIÓN Á diversidade no centro educativo: Profesorado titor

- Avaliación inicial.
- Participación nas propostas que realice á xefatura do departamento de orientación en relación á atención á **diversidade.**
- Coordinación do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Promoción da participación nas actividades de aula e do centro docente.
- Información ao equipo docente e ás familias do alumnado.
- Solicitude de intervención do departamento de orientación.
- Colaborar na avaliación psicopedagóxica.

## O MARCO DA ATENCIÓN Á diversidade no centro educativo: Profesorado

- Colaborar co profesorado titor e coa xefatura do departamento de orientación no axuste dos procesos de ensino-aprendizaxe.
- Participar nas estratexias de coordinación, baixo a dirección do profesorado titor.
- Participación nas propostas que realice á xefatura do departamento de orientación en relación á atención á **diversidade.**
- Utilización de metodoloxías inclusivas e que favorezan a convivencia.
- Consideración do DUA na atención educativa.
- Informar ao profesorado titor e ás familias do alumnado.

## O MARCO DA ATENCIÓN Á diversidade no centro educativo: Departamento de orientación

- Asesorar á toda a comunidade educativa sobre as medidas de atención á **diversidade.**
- Atender as demandas de intervención.
- Informar do resultado das intervencións.
- Promover a participación das familias na avaliación psicopedagóxica.
- Coordinación coas persoas profesionais que participen na atención do alumnado.

# Avaliación inicial

- No inicio de cada etapa educativa. (norma de cada ensinanza )
- Realiza o equipo docente coordinado polo profesorado titor.
- Asesora o departamento de orientación.
- Achega información das familias.
- Achega información do curso ou etapa anterior.
- Os resultados son o referentes da toma de decisións.
- Demanda de avaliacións psicopedagóxica, de ser o caso.

# Avaliación

- Para permitir a valoración obxectiva de todo o alumnado promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.
- Avaliación das competencias.

# Coordinación na transición entre etapas, ensinanzas e/ou centros docentes

**a) Centro de procedencia do alumnado:**

1º. Información ao alumnado e ás súas familias sobre os aspectos xerais da nova etapa, das ensinanzas e do centro docente.

Profesorado titor, co asesoramento da xefatura do departamento de orientación.

2º. Trasladar aos centros de destino non só a información que prescribe a normativa que regula a avaliación nas distintas ensinanzas, senón tamén información cualitativa, de ser o caso, sobre as necesidades específicas de apoio educativo de determinado alumnado, sobre as medidas educativas que se lle prestaron e sobre os recursos que necesitou.

Nas NOF se establecerá a información cualitativa que debe trasladarse, as persoas responsables de elaborala e a forma de lle dar traslado ao centro docente de destino.

.

# *Coordinación na transición entre etapas, ensinanzas e/ou centros docentes*

**b) Centro de destino do alumnado:**

1º. Realizar sesións informativas previas aos procesos de admisión do alumnado, tanto para este como para as súas familias.

Equipo directivo, co asesoramento da xefatura do departamento de orientación.

2º. Planificar sesións de acollemento para o alumnado.

NAS NOF se establecerá a planificación das sesións informativas e de acollemento.

# *Dinámicas e medidas que favorecen a inclusión.*

- Protocolos de acollida do alumnado e do profesorado.
- Metodoloxías didácticas colaborativas.
- Programacións didácticas cos principios do DUA.
- Interculturalidade e plurilingüísmo.
- Proxectos e programas interdisciplinares de centro.
- Prevención do absentismo.
- Plan de convivencia.
- Plan de acción titorial.
- ....

# Medidas de atención Á diversidade.



NEAE.

## Medidas de atención á diversidade:

o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións e intereses, e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Son actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado.

NEAE.

## Medidas ordinarias de atención á diversidade:

Facilitan a adecuación do currículo prescritivo, **sen alteración significativa** dos seus obxectivos, dos contidos nin dos criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros docentes e ás características do alumnado.

# NEAE.

## Medidas ordinarias de atención á diversidade:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno.
- Metodoloxías colaborativas ( grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos....).
- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación.
- Aulas de atención educativa e convivencia

# NEAE.

## Medidas ordinarias de atención á diversidade:

- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programas de enriquecemento curricular.
- Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria/secundaria que permaneza un ano máis no mesmo curso.
- Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar.
- Programas de habilidades e competencias sociais.

## Medidas ordinarias de atención á diversidade: Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula ás características do alumnado.

- Elaboración dos horarios do alumnado.
- Asignación de titorías.
- Agrupamento do alumnado.
- Distribución das aulas, das unidades e/ou dos espazos.
- Flexibilidade nos agrupamentos.
- Acceso aos recursos.
- Participación.
- Aprendizaxe compartida.
- Control grupal.

## Medidas ordinarias de atención á diversidade: Metodoloxías colaborativas ( grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos....).

- Grupos heteroxéneos.
- Técnicas cooperativas.
- Aprendizaxe por proxectos.
- Aprendizaxe-servizo.
- Titoría entre iguais.
- Traballo en grupo.
- Galería de aprendizaxes.
- Intercambio de dificultades.
- Parellas colaborativas.
- …….

## Medidas ordinarias de atención á diversidade: Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación.

- Concesión de tempo.
- Forma de comunicación.
- Secuenciación de tarefas.
- Uso de medios tecnolóxicos.
- Uso de diferentes instrumentos de avaliación,
- Uso de procedementos de avaliación alternativos.
- Aplicación dos protocolos educativos.

## Medidas ordinarias de atención á diversidade: Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

- Pode afectar á secuencia de contidos, as formas e os instrumentos de avaliación, a organización da aula, o agrupamento do alumnado e todo o incluído dentro do ámbito da metodoloxía.
- Elaboradas e **posta en práctica** polo profesorado que imparte a materia.
- Pode contar coa colaboración de profesorado con dispoñibilidade horaria, que actúa como un apoio xeral ao conxunto da aula.
- Comunicación ao profesorado titor.
- Información á xefatura de estudios e á familia.
- Reflíctese nos documentos oficiais de avaliación.
- Informe individual dos reforzos segundo modelo deseñado polo DO.

# Medidas ordinarias de atención á diversidade: Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria/secundaria que permaneza un ano máis no mesmo curso.

- Elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, desenvolverase ao longo de todo o curso
- En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico de reforzo realizando os axustes que proceda.
- Na mesma sesión de avaliación informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento

a) Identificación da alumna ou do alumno.

b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.

c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.

d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.

e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.

f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.

g) Acreditación da información á familia.

## **Medidas ordinarias de atención á diversidade:** Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar.

- Elaborado polo profesorado que imparte a materia baixo as directrices do departamento didáctico.
- Seguimento do alumnado polo departamento didáctico.
- En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico de reforzo realizando os axustes que proceda. Ao final do curso.
- Na mesma sesión de avaliación informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.
- Na sesión de avaliación final o profesorado da materia pendente decidirá sobre a avaliación.

a) Identificación da alumna ou do alumno.

b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.

c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.

d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.

e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.

f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización.

g) Seguimento e avaliación.

h) Acreditación da información á familia.

# Medidas ordinarias de atención á diversidade: Aulas de atención educativa e convivencia

| DECRETO 8/2015 | ORDE do 8 setembro 2011 |
| --- | --- |
| Aula de convivencia inclusiva | Aula de atención educativa e convivencia |
| Medida correctora | Medida ordinaria de atención á diversidade |
| Substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro. | Aténdese  temporalmente, o alumnado que, pola súa conduta inadecuada, impida o normal desenvolvemento do traballo dunha sesión lectiva do seu grupo-clase |

## Medidas ordinarias de atención á diversidade: Aulas de atención educativa e convivencia

- Atende, temporalmente, o alumnado que, pola súa conduta inadecuada, impida o normal desenvolvemento do traballo dunha sesión lectiva do seu grupo-clase.
- Con tarefas.
- Mentres dure a clase da que foi derivado/a.
- Responsabilidade do profesor, corrección de tarefas e avaliación.
- Programa de habilidades sociais.
- Información ás familias co motivo da remisión. NOF
- A xefatura de estudos levará un rexistro do alumnado derivado, o profesorado que o deriva e os motivos.

## Medidas ordinarias de atención á diversidade: Programas de enriquecemento curricular.

- Alumnado de altas capacidades intelectuais. *(capacidade intelectual igual ou superior a 130 de cociente intelectual, un alto nivel de creatividade e persistencia nas tarefas de alta complexidade ligadas ás súas áreas de interese.)*

- Actividades e experiencias de aprendizaxe para afondar nos contidos, competencias e habilidades relacionadas co currículo do curso no que estea matriculado o alumnado.
- Devolveranse na aula ordinaria.
- Será o equipo docente dese alumnado quen os desenvolva, co asesoramento da xefatura do departamento de orientación.
- Debe beneficiarse o conxunto do alumnado do grupo.
- Reflíctese nos documentos oficiais de avaliación.

# NEAE.

## Medidas extraordinarias de atención á diversidade:

Poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.

Dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

## NEAE.

### Medidas extraordinarias de atención á diversidade:

- Adaptacións curriculares.
- Agrupamentos flexibles.
- Apoio do profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe.
- Flexibilización da duración do período de escolarización (educación infantil, educación primaria, ESO)
- Flexibilización da duración do período de escolarización no bacharelato.

# NEAE.

## Medidas extraordinarias de atención á diversidade:

- Programas de diversificación curricular.
- Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continua a un centro docente:
  - Atención educativa domiciliaria.
  - Atención educativa hospitalaria.
  - Atención educativa virtual.

# NEAE.

## Medidas extraordinarias de atención á diversidade:

- Atención educativa ao alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penal.
- Atención educativa ao alumnado sometido a medidas de protección e tutela.
- Atención educativa ao alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar.
- Atención educativa ao alumnado pertencente a familias itinerantes.

# NEAE.

## Medidas extraordinarias de atención á diversidade:

- Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro.
- Grupos de adquisición de linguas.
- Grupos de adaptación da competencia curricular.
- Atención educativa a mozas embarazadas.

# Medidas extraordinarias de atención á diversidade: Adaptacións curriculares.

- Alumnado NEE (excepcionalmente ANEAE).
- Na educación obrigatoria.
- Axustaranse ao nivel de competencia curricular, o desenvolvemento do potencial de aprendizaxe e as características persoais e sociais, do alumno ou alumna.
- Informada á familia. Ten dereito a copia se a pide.
- Tanto o desenvolvemento como a avaliación corresponden ao profesorado da materia, co colaboración, de ser o caso, do profesorado de apoio.
- Desenvolverase, xeralmente, no contexto da aula ordinaria.
- Impartidas e avaliadas polo profesorado da materia coa colaboración, de selo caso, do profesorado de apoio.
- Coordinadas polo profesorado titor, tanto na elaboración como no seguimento.
- Os referentes da avaliación serán os incluídos na AC, sen que poida impedir a promoción ou a titulación.
- A información da avaliación incluirá:
  - Cualificacións.
  - Información cualitativa. (Responsable profesorado titor, coa colaboración do equipo docente e DO)

## Medidas extraordinarias de atención á diversidade: Adaptacións curriculares.

1) Avaliación psicopedagóxica. (DO).
2) Informe psicopedagóxico. (DO): Nivel de competencia curricular achegado polo profesorado das materias susceptibles de adaptación e a zona de desenvolvemento próximo (coordinado polo profesorado titor.).
3) Reunión, para a toma de decisións, convocada pola XE, coa asistencia do equipo docente e xefatura do DO quen levantará e custodiará a acta.
4) Elaboración da proposta de adaptación de cada área ou materia por parte do profesorado que a imparte e no modelo que o centro docente que figurará no PXAD.
5) Expediente de AC (Xefatura do DO).
6) Remisión do expediente por parte da dirección do centro.
7) Autorización por parte do Servizo de inspección educativa.

## Medidas extraordinarias de atención á diversidade: Apoio do profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica e/ou Audición e Li nguaxe.

- Alumnado **NEE** (excepcionalmente **ANEAE**).
- Etapas de EI e ensinanza obrigatoria.
- Dentro da aula ordinaria.
  - Expecionalmente 1/3 do horario semanal e nunca todo o horario lectivo dunha materia, deben constar no informe psicopedagóxico,
  - AL reeducación da función oral.
- Grupos de 5 alumnos ou alumnas.
- A proposta de distribución da docencia do profesorado de apoio realiza a xefatura do DO (coa colaboración dos PT e AL) á xefatura de estudos e autoriza a dirección.
- A atención educativa non substitúe a do profesorado titor ou da materia.

## Medidas extraordinarias de atención á diversidade: Apoio do profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe.

**FUNCIÓNS:**

a) Colaborar co DO na organización dos apoios.

b) Prestar atención directa ao alumnado **NEE.**

c) Elaborar o programa de intervención coa colaboración do profesorado da materia. PXAD.

d) Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación da AC do alumnado que atende.

e) Participar na planificación e no desenvolvemento das actuacións e das medidas que favorezan a inclusión da diversidade do alumnado.

## Medidas extraordinarias de atención á diversidade: *Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia* continuada a un centro docente

Prescrición médica, doenza, vulnerabilidade propia ou conviventes, emerxencia sanitaria, lesión, hospitalización completa ou de día.

### **Atención educativa domiciliaria.**

Poderase proporcionar a través dunha profesora ou dun profesor do centro , preferentemente o seu titor ou a súa titora, se a súa participación ten carácter voluntario e non implica incremento de persoal.

Informe da dirección do centro docente respecto da dispoñibilidade ou non de profesorado do propio centro para desenvolver esta atención educativa.

## Medidas extraordinarias de atención á diversidade: *Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia* continuada a un centro docente

**Programa individualizado:**

Elaborado polo profesorado de atención domiciliaria en coordinación do profesorado titor que informará da programación e situación académica do alumno/a.

Xefatura do Departamento de Orientación asesora.

Neste programa deberán constar os aspectos curriculares, metodolóxicos, organizativos, de coordinación, seguimento, temporalización e revisión que garantan a adecuación ás circunstancias do alumnado.

Terá unha consideración trimestral, de xeito que se realice o seu seguimento e posibles axustes coincidindo con cada sesión de avaliación.

A persoa titora coordinarase regularmente co profesorado de atención educativa domiciliaria, a quen trasladará, obtidas do equipo docente, as tarefas planificadas para a aula ordinaria e a súa temporalización.

## Medidas extraordinarias de atención á diversidade: *Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia* continuada a un centro docente

O profesorado de atención domiciliaria emite informe mesual.

A avaliación, promoción e titulación corresponden ao equipo docente.

Poderá ser presencial, virtual ou mixta.

Revisión da medida en cada avaliación.

**O alumnado que, por motivos de saúde, non poida asistir ao centro por un período de tempo continuado superior a cinco días lectivos, durante toda a xornada ou parcialmente, e que non reciba atención educativa domiciliaria, o equipo docente correspondente, coordinado polo profesorado titor, elaborará unha proposta de actividades educativas. Esa proposta entregaráselle á familia, preferiblemente por medios telemáticos.**

# Medidas extraordinarias de atención á diversidade: Flexibilización do período de escolarización

| | |
|---|---|
| Redución | Alumnado altas capacidades intelectuais |
| Ampliación | Alumnado con necesidades educativas especiais. |

# Medidas extraordinarias de atención á diversidade: Flexibilización do período de escolarización: Altas capacidades intelectuais.

A acreditación das altas capacidades intelectuais ou das necesidades educativas especiais corresponde aos servizos de orientación.

**Redución dun ano escolar para o alumnado con acreditación de altas capacidades intelectuais; poderá comezar a educación primaria no ano natural en que cumpra os cinco anos de idade.**

**En educación primaria unha vez  no segundo curso dun ciclo.**

**En educación secundaria obrigatoria en calquera curso menos 4º.**

**En bacharelato poderá flexibilizar 1º. Deberá realizar probas extraordinarias deste nivel.**

## Medidas extraordinarias de atención á diversidade: Flexibilización do período de escolarización: Altas capacidades intelectuais.

**Procedemento:**

**1º. Informe do profesorado titor en que se xustifique a necesidade desa medida.**

**2º. Informe psicopedagóxico, en que conste, a acreditación da alta capacidade intelectual e se especifiquen as medidas de atención á diversidade adoptadas.**

**3º. Conformidade expresa da familia**

**4º. Copia do historial académico ou do informe persoal. Na súa ausencia, certificación académica.**

**5º. Proposta de adaptación do currículo.**

**Mes de marzo, autoriza: Dirección xeral de ordenación e innovación educativa.**

# Medidas extraordinarias de atención á diversidade: Flexibilización do período de escolarización: Ampliación do período de escolarización.

**. Educación infantil:** un curso no 1º ou 2º ciclo.

(Incorporación a EP no ano natural de cumprir 7)

**. Educación primaria:** en 6º de EP.

(permanencia no ano natural de cumprir 15)

Unha segunda flexibilización escolarizado en CEE ou unidade de EE.

**. Educación secundaria obrigatoria:** 1 curso

(permanencia no ano natural de cumprir 19)

Unha segunda flexibilización escolarizado en CEE ou unidade de EE con permanencia ata no ano natural de cumprir 21.

**.Bacharelato:** Fragmentación.

Máximo de permanencia de 6 cursos.

# Medidas extraordinarias de atención á diversidade: Flexibilización do período de escolarización: Ampliación do período de escolarización. **Procedemento.**

## ▪ Primeiro ciclo de educación infantil:

1º. Solicitude da da familia á dirección da escola infantil para permanecer un curso máis nesa escola, con achega dun informe das persoas profesionais dos servizos sociosanitarios en que se xustifique a conveniencia do solicitado. Nesa mesma solicitude informarán a dirección da escola infantil de que solicitaron ou teñen previsto solicitar a admisión nun centro docente para cursar o primeiro curso do segundo ciclo de educación infantil.

2º. Informe da dirección da escola infantil sobre o desenvolvemento xeral da nena ou do neno, valorando a pertinencia da súa permanencia un ano máis na escola infantil.

3º. Solicitude da famili para ser admitido/a no primeiro curso do segundo ciclo de EI nun centro , manifestando, expresamente, que optan a unha praza reservada ANEAE,, unha declaración de que van solicitar, ao mesmo tempo, continuar un curso máis no primeiro ciclo de educación infantil,.

4º. Informe psicopedagóxico da xefatura do departamento de orientación do centro docente no que as familias solicitaron a admisión para o primeiro curso do segundo ciclo de educación infantil.

5º. Remisión á xefatura territorial que corresponda, por parte da dirección da escola infantil e da dirección do centro docente en que se solicitou a admisión para cursar o primeiro curso do segundo ciclo de educación infantil, respectivamente, . O EOE emitirá informe..

## Medidas extraordinarias de atención á diversidade: Flexibilización do período de escolarización: Ampliación do período de escolarización. **Procedemento**.

**Segundo ciclo de educación infantil, educación primaria e educación secundaria obrigatoria:**

1º. Solicitude da dirección do centro docente.

2º Informe do profesorado titor, no cal se xustifique a necesidade desa medida.

3º. Informe psicopedagóxico da xefatura do departamento de orientación, no cal se especifiquen as medidas de atención á diversidade adoptadas.

4º. Conformidade expresa da familia.

5º. Copia do historial académico ou do informe persoal.

5º. Proposta de adaptación do currículo.

Abril Autoriza a Dirección xeral de ordenación e innovación educativa.

## Medidas extraordinarias de atención á diversidade:

Alumnado procedente do estranxeiro.

- Escolarización segundo a normativa xeral.
- Escolarizase no curso que corresponde por idade,
- Avaliación inicial.
- De ser necesaria avaliación psicopedagóxica.
- Desfase curricular de dous cursos: poderanse escolarizar no curso inmediatamente inferior ao que lle correspondería por idade.
  - Só en educación primaria e educación secundaria obrigatoria.
- Se hai descoñecemento das linguas de ensino: grupo de adquisición de linguas.
- Se hai desfase curricular de dous ou máis cursos: grupo de adaptación da competencia curricular.

NEAE.

## PROTOCOLOS ANEAE

Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario.



Protocolo de Tratamento Educativo do Alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA).

Protocolo para a atención educativa do alumnado coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual.



NEAE.

## PROTOCOLOS ANEAE

**Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe.**

**Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva.**

**Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais.**

NEAE.

## PROTOCOLOS ALUMNADO:

**Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.**

**Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo.**

**Guía de actuación ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo.**

NEAE.

## PROTOCOLOS CENTROS:

Protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.

Protocolo Educativo para a Prevención e o Control do Absentismo Escolar en Galicia.

Protocolo de Coordinación, Intervención e Derivación Interinstitucional en Atención Temperá.

# NEAE.

## PROTOCOLOS CENTROS:

**Protocolo de Urxencias Sanitarias e enfermidade crónica**

**Addenda de diabete.**

**Protocolo de prevención detección e atención educativa domiciliaria no ámbito educativo.**

**Protocolo de Protección de datos.**

**Identidade dixital.**

NEAE.

**PROTOCOLOS:**

educonvives.gal

Estratexia galega de convivencia escolar

2015-2020



# Escolarización alumnado NEE

- Principios inclusión, normalización.
- Priorízarase a escolarización nos centros ordinarios.
- Flexibilidade e reversibilidade.
- Garantía de permanencia nas etapas do ensino obrigatorio e promoción na escolarización en etapas non obrigatorias.
- Libre elección de centro, circunstancias persoais, recursos existentes, informes e ditames dos servizos de orientación.

# Modalidades de escolarización alumnado NEE
## Centros ordinarios

- Normativa xeral de admisión.
- Reserva 3 prazas ao inicio do 2º ciclo de EI, no inicio de EP e no inicio de ESO.
- Medias ordinarias e extraordinarias que se precisen.
- Recursos humanos e materias necesarios.

# Modalidades de escolarización alumnado NEE
# **Centros ordinarios escolarización preferente**

- Atender alumnado con necesidades educativas especiais que, polas súas singulares características, precise recursos humanos ou materiais específicos e de difícil xeneralización.
- A habilitación dun centro docente ordinario como centro de escolarización preferente farase mediante resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos indicando as necesidades educativas especiais para as cales se habilita.
- A escolarización pode ser:
  - Procedemento ordinario.
  - Ditame de escolarización. (igual que nos CEE)
- Medias ordinarias e extraordinarias que se precisen, recursos humanos e materias necesarios. Reflectidos no ditame e no informe psicopedagóxico.

# Modalidades de escolarización alumnado NEE

## Unidades de educación especial en centros ordinarios

- Unidades creadas ou autorizadas en centros docentes ordinarios para atender, exclusivamente, alumnado con necesidades educativas especiais, pola DXCRH.
- Finalidade facilitar a participación do alumnado con NEE na vida do centro docente, posibilitándolle compartir actividades e espazos que favorecen a súa inclusión.
- Os proxectos educativos dos centros ordinarios que conten con unidades de educación especial incluirán os aspectos singulares da organización e do funcionamento desas unidade.
- A escolarización pode ser:
  - Combinada
  - Tempo completo
- Precisa ditame de escolarización e resolución da Xefatura territorial.
- Revisión por parte da xefatura do departamento de orientación, trimestralmente en EI e anualmente no resto das ensinanzas.
- 15 anos nas unidades de educación primaria e de 21 anos nos de educación secundaria obrigatoria.
- Máximo 5 alumnos ou alumnas das distintas ensinanzas que se impartan no centro.

# Modalidades de escolarización alumnado NEE

## Centros específicos de educación especial

- Alumnado que precisa a utilización de recursos moi específicos ou excepcionais-
- Necesidades que non poden ser atendidas dentro das medidas de atención á diversidade dos centros docentes ordinarios.

  A escolarización pode ser:

  - Combinada
  - Tempo completo
- Escolariza, exclusivamente, alumnado con NEE que require modificacións significativas do currículo en parte.
- Precisa ditame de escolarización e resolución da Xefatura territorial.
- Revisión por parte da xefatura do departamento de orientación, trimestralmente en EI e anualmente no resto das ensinanzas.
- Límite de 21 anos para estar matriculado nestes centros.
- Máximo 5 alumnos ou alumnas.

# Modalidades de escolarización alumnado NEE

## Escolarización combinada entre centros ordinarios e centros específicos ou unidades de educación especial

- Finalidade atender as necesidades educativas de determinado alumnado con necesidades educativas especiais.
- Manter o vínculo coa súa aula, onde debe desenvolver o currículo de determinadas áreas ou materias e compartir coas compañeiras e cos compañeiros do grupo o maior número de experiencias.
- A distribución dos tempos dunha escolarización combinada determinarase na resolución a que autoriza.
- O profesorado que lle imparta docencia coordinarase nos procesos de planificación da atención educativa.
- A organización desa coordinación correspóndelle á xefatura do departamento de orientación do centro ou dos centros implicados.
- A avaliación correspóndelle ao profesorado do centro a que, desde o punto de vista académico e administrativo, pertenza a alumna ou o alumno, tendo en consideración a información facilitada polo equipo docente da unidade con que combina a súa escolarización.

# Procedemento de escolarización

## Centros ordinarios de escolarización preferente, e centros específicos ou unidade de educación especial

a) O ditame de escolarización, realizado polos servizos de orientación.
b) O informe do servizo territorial de Inspección Educativa.
c) A autorización da xefatura territorial

- A revisión da escolarización do alumnado nunha modalidade diferente da ordinaria levarase a cabo, cando menos, ao remate de cada curso académico,agás, de ser o caso, en educación infantil, en que a revisión se realizará ao remate de cada trimestre do curso escolar.
- Este seguimento corresponde á xefatura do departamento de orientación.

- O alumnado estará matriculado na etapa e no curso que lle correspondan, en función da súa idade e, de ser o caso, das repeticións de curso e/ou da aplicación das medidas extraordinarias de flexibilización, co límite de 15 anos en educación primaria e 21 anos en educación secundaria.

NEAE.

GRAZAS